

# AXENTES CANCERÍXENOS : PROTECCIÓN DOS TRABALLADORES EXPOSTOS DURANTE O TRABALLO (R.D. 665/1997 e R.D. 349/2003)

## 1. INTRODUCCIÓN.

A manipulación de substancias canceríxenas ou mutáxenas poden dar lugar a graves danos para a saúde das persoas, de aí a necesidade de establecer unha serie de condicións para a protección dos traballadores que as manipulan e para evitar exposicións innecesarias. O R.D. 665/97 e o R.D. 349/2003 (que modifica e amplía o anterior) establecen as condicións mínimas que se deben adoptar.

Neste documento indícanse algunhas das medidas establecidas no mencionado Real Decreto, así como medidas propostas para adoptar nun laboratorio no que se traballe con axentes canceríxenos ou mutáxenos.

Estas medidas propostas para axentes canceríxenos, en moitos casos, son extensibles a axentes mutáxenos e teratoxénicos.

## 2. DEFINICIÓNS.

***Axente canceríxeno.*** Calquera axente físico, químico ou biolóxico que é capaz de dar orixe a un cancro no organismo. Enténdese como cancro a aquel grupo de enfermidades que presentan unha característica común: a proliferación de células que se escapan ás leis da homeostase tisular e cuxo resultado final é a formación dunha masa tumoral.

***Axente mutáxeno.*** Substancia ou preparado que pode producir alteración no material xenético das células.

***Axente teratóxeno.*** Substancia ou preparado que pode producir alteracións no feto durante o seu desenvolvemento intrauterino.

A normativa será de aplicación ás substancias que cumpran os criterios para a súa clasificación como canceríxeno ou mutáxeno de 1ª ou 2ª categoría, ou preparado que conteña substancias con esta clasificación.

### 3. CLASIFICACIÓN DAS SUBSTANCIAS CARCINÓXENAS

**1ª Categoría.** Substancias que se saben son carcinóxicas para as persoas.

**2ª Categoría.** Substancias que se poden considerar carcinóxicas para as persoas.

**3ª Categoría.** Substancias cuxos posibles efectos nas persoas son preocupantes, pero das que non se dispón información suficiente para realizar unha avaliación satisfactoria.

### 4. R.D. 665/1997.: MEDIDAS A ADOPTAR

A normativa específica vixente, no marco da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, establece unha serie de medidas preventivas que se deben implantar nas empresas ou centros de traballo nos que se manipulen substancias canceríxicas.

Estas medidas son de varios tipos, seguindo o indicado na mencionada lei de prevención de riscos laborais. Así atopamos medidas formativas e informativas, vixilancia da saúde do persoal exposto, ...

Como primeira e prioritaria medida preventiva a intentar adoptar sería a substitución da substancia canceríxica por outra que non o sexa, é dicir, tender á **exposición cero**. Isto non sempre é posible tecnicamente polo que o seguinte paso sería intentar que a utilización destas substancias se faga dentro dun sistema cerrado. Cando esta segunda medida tampouco sexa viable, deberanse adoptar medidas preventivas para conseguir que os niveis de exposición dos traballadores se reduzan a un valor tan baixo como sexa tecnicamente posible.

Cando se traballe con produtos canceríxicos ou mutáxicos, débense aplicar todas as medidas necesarias seguintes:

Limitar as cantidades de axentes canceríxicos ou mutáxicos no lugar de traballo.

Limitar ao menor número posible os traballadores expostos ou que o poidan estar.

Evacuar este tipo de axentes en orixe, mediante extracción localizada, en condicións que non supoñan risco para a saúde pública e o medio ambiente. Isto implica o traballo baixo campá extractora, en vitrina.

Establecer procedementos e métodos de traballo.

Adoptar medidas hixiénicas, en particular limpeza regular do chan, paredes e demais superficies.

Delimitar as zonas de risco, establecendo unha sinalización de seguridade e saúde adecuada, que inclúa a prohibición de fumar nas ditas zonas, e permitir o acceso ás mesmas só ao persoal que deba operar nelas, excluindo aos traballadores especialmente sensibles a estes riscos.

Velar porque os recipientes estean adecuadamente etiquetados.

Dispor de medios para recollida, almacenamento e eliminación de residuos, en particular mediante a utilización de recipientes herméticos etiquetados de maneira clara, inequívoca e lexible.

### ***Medidas de hixiene persoal e protección individual***

Prohibir que o persoal coma, beba ou fume nas zonas de traballo nas que exista o risco.

Dispor de lugares separados para gardar de maneira separada a roupa de traballo ou de protección e a roupa de vestir.

Dispor dun lugar para o almacenamento dos equipos de protección e verificar que se limpan e comprobar o seu bo funcionamento antes e despois de cada utilización.

O persoal disporá, dentro da xornada laboral, de 10 minutos para o seu aseo persoal antes da comida e outros 10 minutos antes de abandonar o traballo.

O centro de traballo responsabilizarase do lavado e descontaminación da roupa de traballo, quedando rigorosamente prohibido que os traballadores leven a devandita roupa ao seu domicilio. Cando se contrate a limpeza da roupa a unha empresa especializada, enviarase en recipientes cerrados e etiquetados coas advertencias precisas.

### ***Vixilancia da saúde***

Garantirase unha vixilancia adecuada da saúde dos traballadores expostos a axentes canceríxenos ou mutáxenos. Esta vixilancia ofrecerase ao persoal nas seguintes ocasións:

Antes do inicio da exposición.

Sucesivamente a intervalos regulares, segundo a prioridade establecida no protocolo médico específico correspondente.

Cando sexa necesario por terse detectado nalgún traballador do centro, con exposición semellante, algún trastorno que se poida detectar á exposición de axentes canceríxenos ou mutáxenos.

Os traballadores poderán solicitar a revisión dos resultados da vixilancia da saúde.

Deberase levar un historial médico dos traballadores afectados.

O empresario deberá revisar a avaliación e as medidas de prevención e de protección colectivas e individuais adoptadas cando se detecten alteracións da saúde dos traballadores que se poidan deber á exposición dos axentes canceríxenos ou mutáxenos, ou cando o resultado dos controis periódicos, incluídos os relativos á vixilancia da saúde, poña de manifesto a posible inadecuación ou insuficiencia das mesmas.

Aconsellarase e informará aos traballadores no relativo a calquera control médico que sexa pertinente efectuar con posterioridade ao cesamento da exposición.

### ***Información e formación dos traballadores***

Facilitarase aos traballadores expostos información precisa, baseada en todos os datos dispoñibles e en forma de instrucións en canto a:

Riscos potenciais para a saúde, incluídos os riscos adicionais debidos ao consumo de tabaco.

Precaucións que se deberán tomar para previr a exposición.

Disposicións en materia de hixiene persoal.

Uso e emprego de equipos e roupa de traballo.

Medidas que deberán adoptar os traballadores en caso de incidente e para previr os mesmos.

Así mesmo se formará ao persoal, en base aos coñecementos existentes.

As medidas ata o momento citadas están incluídas na normativa sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo. Tendo en conta as particularidades dun laboratorio, propónse unha serie de recomendacións para o traballo con estes axentes no dito lugar.

## 5. PREVENCIÓN NA MANIPULACIÓN DE AXENTES CANCERÍXENOS NO LABORATORIO

Os procedementos e métodos de traballo establecidos para a manipulación de axentes canceríxenos, non poderán ser alterados ou modificados sen terse discutido e valorado previamente os seus aspectos de seguridade.

O persoal que manipule estes produtos coñecerá perfectamente os procedementos. Nos traballos con axentes canceríxenos primará a seguridade polo que non serán realizados se non se dispón de materiais e equipos axeitados.

Levarase un rexistro de todos os datos que rodean ao proceso: persoas implicadas, cantidades, produtos e anomalías no proceso se se producisen. Así mesmo se rexistrará a cantidade de material gastado, a cantidade remanente, proceso de traballo, data de utilización do produto.

Porase a disposición do persoal exposto o contido das fichas de datos de seguridade así como o significado do dito contido.

As áreas nas que se manipulen substancias canceríxenas sinalizaranse na porta de acceso cun cartel que indique:

***PERIGO: MANIPULACIÓN DE SUBSTANCIAS CANCERÍXENAS.***

***SÓ PERSOAL AUTORIZADO.***

As substancias carcinoxénicas almacenaranse en lugares protexidos aos que só teñan acceso as persoas autorizadas.

Ademais de estar prohibido comer, beber e fumar débese prohibir a aplicación de cosméticos (por exemplo cremas hidratantes para os beizos...).

Os compostos canceríxenos non se deben tocar directamente nin coas mans espidas nin con luvas. Empregaranse espátulas, pinzas ou outros utensilios axeitados.

Non se traballará con produtos canceríxenos se se teñen feridas abertas que poidan entrar en contacto con eles.

Despois da manipulación débense lavar as mans coas luvas postas, vixiando non contaminar as billas innecesariamente. Logo quitaranse as luvas e lavaranse as mans, preferiblemente, cun líquido deterxente e abundante auga. Antes de abandonar a área de traballo, o persoal exposto deberá ducharse ou polo menos lavar adecuadamente as mans, brazos e cara.

Os canceríxenos non se pipetearán coa boca. Recoméndase a utilización de dispositivos de aspiración desbotables.

As toallas e panos da man utilizados serán dun só uso.

Etiquetar convenientemente o material e equipos utilizados no proceso. Aconséllase material desbotable.

Utilizar equipos de máscaras de protección sempre que se traballe con compostos gaseosos ou que poidan xerar aerosois.

Traballarase baixo vitrina. Dela retiraranse todos os materiais que non formen parte do proceso.

Comprobarase o correcto funcionamento da vitrina.

Traballarase sobre bandexas de papel absorbente, as cales non se deben situar a menos de 10 cm da parte frontal da vitrina.

Non colocar o material contaminado sobre as superficies de traballo das mesas ou das vitrinas. Colocaranse sobre bandexas e de aí ao proceso de descontaminación.

Para pesar o produto empregarase papel de filtro e unha espátula, evitando así contaminar a área.

### ***Eliminación de residuos***

Os residuos non deben ser eliminados a través dos sumidoiros nin enviados á atmósfera. Tampouco se deben enterrar.

### ***Descontaminación do laboratorio, equipo e materiais.***

Os materiais contaminados non se sacarán da área delimitada.

As superficies de traballo limpanse cun aspirador dotado dun filtro de alta eficacia, se o contaminante é sólido ou con auga e deterxente, se o contaminante é líquido.

O material de vidro descontaminarase previamente á súa limpeza con mestura crómica.

Os obxectos metálicos, logo da súa contaminación serán cepillados e lavados con deterxente líquido, ácidos, alcalis ou disolventes.

### *Emerxencias*

O persoal saberá como actuar en caso de emerxencia. As instrucións estarán por escrito nun lugar visible.

Se unha persoa resulta contaminada por unha salpicadura ou proxección de material canceríxeno: lavarase inmediatamente no caso de que non exista un método específico, con auga morna e un deterxente líquido. Os ollos lavaranse con abundante auga.

Secarase con toallas de celulosa desbotables.

Todas estas recomendacións son xerais, é moi importante ter en conta as medidas específicas establecidas para cada produto que o fabricante indica na ficha de datos de seguridade correspondente.